



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

INSTRUCCIÓN SOBRE A XESTIÓN DOS CONTRATOS DE ESTUDOS DO ESTUDANTADO PARTICIPANTE EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL (ERASMUS+, GE4, ISEP, BOLSAS PROPIAS E LIBRE MOBILIDADE) DURANTE O CURSO 2025-26

Esta instrución ten por finalidade regular a creación, elaboración, aprobación e seguimento dos contratos de estudos do estudiantado que participará nunha actividade de mobilidade internacional durante o curso 2025-26.

No marco do proceso de dixitalización do programa **Erasmus+**, o estudiantado seleccionado para realizar unha estadia de mobilidade con este programa deberá realizar un contrato de estudos empregando a ferramenta europea *Online Learning Agreement* (OLA), sempre que as universidades receptoras teñan acceso. Non será posible con países non asociados ao programa.

Por outra banda, a Universidade de Vigo xestiona todos os procesos de mobilidade internacional a través da ferramenta MoveON que permite a creación do OLA ao estudiantado seleccionado pero que non permite, polo de agora, a vinculación destes contratos coa matrícula do estudiantado.

O formato OLA non pode ser empregado polo estudiantado que realice unha actividade internacional cun programa de mobilidade diferente ao Erasmus+.

Neste contexto, para o curso 2025-26 establécese un procedemento para a xestión dos diferentes contratos de estudos:

1. Contratos de estudos ERASMUS+ con países participantes no programa

a. Creación do contrato de estudos:

O persoal da Oficina de Relacións Internacionais (ORI) será o responsable da habilitación do OLA na plataforma MoveON tras cubrir os datos do estudiantado seleccionado e que aceptou a praza. Unha vez creado, o estudiantado recibirá unha mensaxe automática de confirmación para poder completalo.

b. Elaboración do contrato de estudos:

O programa Erasmus+ establece a obrigatoriedade de ter unha proposta aprobada por todas as partes antes do inicio da estadia.

O estudiantado será o responsable de elaborar a súa proposta de estudos.

c. Aprobación do contrato:

Completada a proposta de contrato, o estudiantado deberá aprobala. Na propia aplicación, a persoa responsable de relacións internacionais do centro correspondente na Universidade de Vigo validará a proposta. Se a proposta é rexeitada, o estudiantado deberá facer as modificacións oportunas e solicitar de novo a validación. Se a proposta é aceptada, a persoa responsable na universidade de destino recibirá a solicitude de validación do contrato.





ATHENA

**d. Modificación do contrato de estudos inicial:**

O estudantado poderá facer modificacións ao contrato no prazo máximo dun mes unha vez iniciado o cuadrimestre na universidade de destino. As modificacións deberán ser validadas polas persoas responsables na Universidade de Vigo e en destino.

e. Rexistro das materias do contrato en SIGMA:

O estudantado deberá achegar ás [áreas académicas](#) o contrato de estudos aprobado polas tres partes para que o persoal destas áreas modifiquen o estado das materias na matrícula, que aparecerán como materias a cursar en intercambio..

O estudantado deberá tamén informar ao persoal das áreas académicas se se producen cambios no contrato.

f. Se a universidade de destino non pode aprobar o OLA por non estar conectada:

No caso de que unha universidade de destino nun país asociado non poida aprobar o OLA de forma electrónica, o estudantado deberá imprimir o seu contrato aprobado pola persoa responsable de seu centro na Universidade de Vigo e envialo por correo electrónico á universidade de destino para a súa sinatura. Unha vez asinado, deberá envialo a área académica do seu centro.

O estudantado, unha vez completado e asinado por todas as partes, así como as modificacións que se puidesen realizar, é responsable de enviar o documento á área académica do seu centro.

2. Contratos de estudos ERASMUS+ con países non asociados o programa (países extracomunitarios)**a. Elaboración do contrato:**

O estudantado deberá elaborar a súa proposta de estudos empregando o modelo que lle será facilitado pola ORI. A persoa responsable de relacións internacionais poderá engadir os datos dunha persoa como titor/a.

b. Aprobación do contrato:

Completada a proposta de contrato, o estudantado deberá solicitar a aprobación e sinatura da persoa responsable de relacións internacionais do centro correspondente na Universidade de Vigo. Se a proposta é rexeitada, o estudantado deberá facer os cambios necesarios e solicitar de novo a aprobación. Se a proposta é aceptada, poderá imprimir en PDF o documento que deberá ser asinado, de ser posible, dixitalmente polas tres partes: o/a estudante, as persoas responsables na institución de orixe e a persoas responsables na universidade de destino.

c. Modificación do contrato de estudos inicial:

O estudantado poderá facer modificacións ao contrato no prazo dun mes unha vez iniciado o cuadrimestre na universidade de destino. Deberá solicitar á persoa





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

responsable do seu centro na Universidade de Vigo a posta en preparación do contrato para facer os cambios. As modificacións deberán ser validadas de novo e o documento xerado deberá ser asinado coma o contrato inicial.

d. Rexistro das materias do contrato en SIGMA:

O estudantado, unha vez completado e asinado por todas as partes, así como as modificacións que se puidesen realizar, é responsable de enviar o documento á area académica do seu centro.

3. Contratos de estudos doutros programas: BOLSAS PROPIAS, ISEP, GE4, LIBRE MOBILIDADE

a. Elaboración do contrato:

O estudantado deberá elaborar a súa proposta de estudos empregando o modelo que lle será facilitado pola ORI. A persoa responsable de relacións internacionais poderá engadir os datos dunha persoa como titor/a.

b. Aprobación do contrato:

Completada a proposta de contrato, o estudantado deberá solicitar a aprobación e sinatura da persoa responsable de relacións internacionais do centro correspondente na Universidade de Vigo. Se a proposta é rexeitada, o estudantado deberá facer os cambios necesarios e solicitar de novo a aprobación. Se a proposta é aceptada, poderá imprimir en PDF o documento que deberá ser asinado, de ser posible, dixitalmente polas tres partes: o/a estudante, as persoas responsables na institución de orixe e a persoas responsables na universidade de destino.

c. Modificación do contrato de estudos inicial:

O estudantado poderá facer modificacións ao contrato no prazo dun mes unha vez iniciado o cuadrimestre na universidade de destino. Deberá solicitar á persoa responsable do seu centro na Universidade de Vigo a posta en preparación do contrato para facer os cambios. As modificacións deberán ser validadas de novo e o documento xerado deberá ser asinado coma o contrato inicial.

d. Rexistro das materias do contrato en SIGMA:

O estudantado, unha vez completado e asinado por todas as partes, así como as modificacións que se puidesen realizar, é responsable de enviar o documento á area académica do seu centro.

Todos os acordos de estudos deberán respectar os prazos límite que poida indicar a universidade de destino ou a [persoa responsable do seu centro](#) na Universidade de Vigo. En todo caso, todos os contratos de estudos do estudantado que inicie a actividade no primeiro cuadrimestre deberán estar asinados **antes do 31 de xullo**. No caso do estudantado que inicie a súa actividade no segundo cuadrimestre, deberán estar asinados **antes do 31 de xaneiro**.





ATHENA



Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

